




MÁIS ALÓ DO EU, A PAISAXE HUMANIZADA


“Eu quero esta paisaxe verde, eterna que está viva”.

No ano 1954 aparece *Terra Chá*, que significa unha depuración do seu discurso até entón algo barroco, culturalista e surrealista, grazas á compenetación coa poesía popular e a identificación plena coa Terra e a súa raíz labrega. Canta nel, cunha sinxeleza franciscana e unha compenetación de matriz rosaliana, a natureza, a paisaxe, a vexetación, os animais, as persoas e os seus oficios, os aparellos e utensilios, dunha zona concreta de Galiza, a da súa infancia e adolescencia.



▲ Terra Chá é unha obra en permanente construcción por parte do autor: a 1.^a edición, de 1954, contiña 55 poemas, mentres que a 6.^a, en 2001, pasou a 114. É unha das obras emblemáticas do autor, que no ano 2015 chegou á 11.^a edición.

“O meu intento foi facer un libro sinxelo e puro como o aire que arrasa as carpazas da miña Chaire...” Esa sinxeleza e sonoridade de Terra Chá fixo que moitos dos seus poemas fosen musicados por diferentes autores. É de salientar o traballo de Franco Muella feito sobre 16 deles.



"O Miño"

O Miño é vello e é tristeiro:
sempre vai mudo e vai senlleiro.
No inverno semella que murmura
un segredo con forte voz escura.
Un escoita, atento e esperanzado,
e o vello Miño sempre vai calado.

(*Terra Chá*, 1954)

▲ Os ríos, a terra, os lugares, a natureza, os cruceiros, as romaxes, os animais... teñen algo de humano e dánlle, no seu conxunto, forma a un novo ser: a vida comunal da Terra Chá. Na imaxe, Manuel María á beira do río Miño ao seu paso por Outeiro de Rei. Foto: X. Lobato.

Manuel María

Beleza, amor e compromiso